

## Elena Cornaro Piscopia (Venecia, 1646-1684)



Primeira muller que consegue doutorarse.

Falaba con fluidez latín, grego, hebreo, castelán, francés e árabe.

Estudou na Universidade de Padua: Música, Gramática, Matemáticas, Filosofía e Teoloxía.

O seu exame de doutoramento foi lexendario. Debido á grande expectación que espertou, tivo que celebrarse na catedral, o 25 de xuño de 1678, e versou sobre «A Análise e a Física de Aristóteles». Hai unha vidreira, na capela da Universidade de Vassar (EUA), que conmemora este feito.

Aínda que dominou case todas as ramas do saber, na Universidade de Padua ensinoulles Matemáticas a estudantes de toda Europa.